

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 21

SESION EXTRAORDINARIA DO 17 DE DECEMBRO DE 2012

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Veloso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María
Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Pérez Dávila, Alejandro
Relova Quinteiro, Roberto F.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e once minutos do día dezasete de decembro do ano dous mil doce, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o

Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

A PRESIDENCIA: Bos días, señoras e señores concelleiros. Iniciamos o Pleno do Concello en sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe ás nove horas. Constátase quorum, ábrese sesión pública e iniciamos o desenvolvemento do Pleno.

1.-(251).- DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 4 DO PXOM, RELATIVA ÁS CONDICIÓN DE FONDO EDIFICABLE NAS ORDENANZAS NÚMS. 3 E 4 (EDIFICACIÓN EN COUZADA PECHADA). EXPTE. 13145/411 (475/1101).

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 3 de outubro de 2012, a técnica de admón. Xeral, coa conformidade do xefe do Servizo de Desenvolvemento Urbanístico e máis da Xerente de Urbanismo, emite o seguinte informe:

“O PXOM-08 foi aprobado definitivamente de forma parcial mediante Orde da Conselleira da CPTOPT da Xunta de Galicia do día 16.05.2008 (DOG nº 106, do 03.06.2008) e a súa normativa foi integramente publicada no BOP o día 06.08.2008 (BOP nº 151-Suplemento). O 13.07.2009 o Conselleiro da CMATI aprobou definitivamente o documento de cumprimento da Orde da CPTOPT do 16.05.2008 sobre aprobación definitiva do PXOM de Vigo (DOG nº 144, do 24.07.2009), publicándose a normativa no BOP nº 175, do día 10.09.2009.

Con data 16.09.2011 a Concelleira delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos acordou iniciar a modificación puntual nº 4 do PXOM-08, relativa ás condicións do fondo edificable nas ordenanzas núm. 3 “*Edificación en couzada pechada*” e núm. 4 “*Edificación en aliñación de rúa*” e encomendar aos servizos técnicos e xurídicos da XMU a redacción da documentación técnica e a tramitación administrativa desta modificación.

O anteproxecto do planeamento remitiuse con data 04.10.2011, como documento de inicio xunto co informe da Oficina Técnica de Planeamento e Xestión do día 04.10.2011, á Secretaria Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI, acordándose mediante resolución da referida Secretaría Xeral do día 10.11.2011 a innecesariedade de someter esta modificación puntual do PXOM-08 ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica (DOG nº 233, do día 07.12.2011).

Solicitados os preceptivos informes sectoriais das administracións públicas competentes, obran no expediente administrativo os que seguidamente se

relacionan:

- Informe do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar (Secretaría de Estado de Medio Ambiente) do día 20.03.2012 (favorable).
- Informe do Ministerio de Fomento, Subdirección Xeral de Planificación e Proxectos da Dirección Xeral de Infraestruturas (Secretaría Xeral de Infraestruturas) do día 21.02.2012 (favorable).
- Informe da CMATI, Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, informe en materia de costas (ex. artigo 117.1 da Lei de Costas) do día 27.03.2012 (favorable).
- Informe da CMATI, Axencia Galega de Infraestruturas do día 12.04.2012 (favorable).
- Informe do Ministerio de Fomento, Dirección Xeral de Estradas (Subdirección Xeral de Explotación e Xestión de Rede) do día 16.04.2012 (favorable,).

Con data 25.04.2012 emitíuse informe de legalidade e sobre a calidade técnica da ordenación proposta na modificación puntual nº 4 do PXOM-08.

Con data 23.05.2012 emitíuse informe polo Secretario Xeral do Pleno.

En sesión extraordinaria do día 04.06.2012, o Pleno do Concello acordou aprobar inicialmente a modificación puntual nº 4 do PXOM-08, abrir un trámite de información pública polo prazo de dous meses mediante inserción de anuncios no DOG e en dous dos xornais de maior difusión na provincia e de audiencia polo mesmo prazo aos municipios limítrofes e determinar expresamente que as parcelas afectadas pola modificación proposta son as que se rexen polas ordenanzas 3 e 4, matizando que consonte á normativa de aplicación en todo caso poderán concederse licenzas baseadas no réxime vixente, que en todo caso respectarán as determinacións do novo planeamento.

Mediante oficios da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos do día 14.06.2012 notificouse aos Concellos de Nigrán, Gondomar, Mos, O Porriño e Redondela o referido trámite de audiencia.

O anuncio do acordo plenario do día 04.06.2012 de aprobación inicial da modificación puntual nº 4 do PXOM-08 publicouse o día 22.06.2012 nos xornais *Atlántico* e *Faro de Vigo* e o día 06.07.2012 no DOG nº 129.

O día 10.09.2012 o secretario titular da XMU certificou que durante o período de exposición ao público do expediente de referencia, presentouse unha única alegación con entrada no Rexistro o día 06.09.2012 (doc.120102706).

O día 26.09.2012 a xefa da Área Técnica emitiu informe sobre á alegación presentada durante o trámite de exposición pública.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU VALORACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa examinada.

- RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo.
- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.
- RD 2159/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.
- Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da paisaxe de Galicia.
- Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de bases de réxime local (LRBRL).
- RDLex. 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas (LC).
- Lei 25/1988, do 29 de xullo, de Estradas.
- Lei 4/1994, do 14 de setembro, de Estradas de Galicia.
- Lei 39/2003, do 17 de novembro, do Sector Ferroviario.
- Directrices do Ordenación do territorio, aprobadas definitivamente por Decreto 19/2011, do 10 de febreiro.
- Plan de Ordenación do litoral, aprobado definitivamente por Decreto 20/2011, do 10 de febreiro.
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; AD parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).
- Regulamento orgánico do pleno do Concello de Vigo (AD Pleno 31.05.2010, BOP 17.09.2010) (ROP).

II.- CONTIDO E OBXECTIVOS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 4 DO PXOM-08

A modificación puntual nº 4 do PXOM-08 formúlase de oficio polo Concello de Vigo co obxecto de desbloquear a situación creada principalmente pola actual redacción dos artigos 9.3.10 e 9.4.9 das súas Normas Urbanísticas que impide a materialización do destino principal dos soares cualificados coas ordenanzas 3 e 4 de ordenación directa en solo urbano consolidado, isto é, o de ser edificadas consonte ás condicións de uso e edificación establecidas no mesmo ao esixirilles, para que adquiran tal condición de edificables, un fondo que supere en 3 metros o fondo edificable definido por este, xa que (na maioría dos supostos) o fondo edificable fixado polo PXOM-08 delimitase precisamente polo fondo real da parcela. Así mesmo, do estudo das ordenanzas nº 3 e nº 4, deriva a necesidade de redactar novamente outros puntos da normativa urbanística acordes coa modificación proposta para evitar interferencias entre as súas determinacións.

As modificacións operadas concrépanse no apartado 6 “*Contido material da modificación*” do documento 1 “*Memoria informativa e xustificativa*” do V1. Documento para aprobación inicial elaborado pola Oficina de Planeamento e Xestión en xaneiro de 2012, e refúndense no seu documento 2 “*Normativa modificada*”, no que se transcriben integramente, nun texto refundido, as ordenanzas 3 e 4 (capítulos 9.3 e 9.4 da normativa urbanística) e o capítulo 6.2. do título VI da normativa urbanística, que no momento da aprobación definitiva serán os textos completos a publicar no BOP de cara a súa entrada en vigor.

En consecuencia, os artigos alterados pola referida modificación puntual son os seguintes:

- No título VI. Normas xerais de edificación. Capítulo 6.2. Condicións das parcelas: artigos 6.2.11 parcelas edificables e 6.2.12 Regularización de dereitos.
- No título IX. Normas particulares do solo urbano. Capítulo 9.3. Ordenanza 3. Edificación en couzada pechada: artigos 9.3.8 Condicións de parcelación, 9.3.9 Separación ós lindeiros, 9.3.10 Fondo edificable, 9.3.13 Dereito edificatorio, 9.3.14 Condicións de ocupación da edificación, 9.3.17 Condicións especiais, 9.3.23 Réxime de usos.
- No título IX. Normas particulares do solo urbano. Capítulo 9.4. Ordenanza 4. Edificación en aliñación de rúa: artigos 9.4.7 Condicións de parcelación, 9.4.8 Separación ós lindeiros. Punto 4, 9.4.9 Fondo edificable, 9.4.12 Dereito edificatorio, 9.4.13 Condicións de ocupación da edificación e 9.4.15 Condicións especiais.

Finalmente, o ámbito territorial afectado, consonte o expresado no acordo plenario de aprobación inicial do día 04.06.2012, está conformado polas parcelas de Solo Urbano Consolidado que se rexen polas ordenanzas 3 e 4 do vixente PXOM.

III.- CUMPRIMENTO DA TRAMITACIÓN PROCEDEMENTAL

De conformidade co disposto no artigo 93.4 da LOUGA, na súa relación co artigo 85.2, e atendida a resolución do día 10.11.2011 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI sobre a innecesariedade de sometemento da modificación puntual nº 4 do PXOM-08 ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, unha vez acadada a súa aprobación inicial, deberá someterse ao trámite de información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous dos xornais de maior difusión na provincia, non sendo necesaria a notificación deste trámite ás persoas propietarias de terreos afectados. Simultaneamente e durante o mesmo prazo, darase audiencia aos municipios limítrofes. Ao mesmo tempo co trámite de información pública, deberán recabarse das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios, que deberán emitirse no prazo dun mes agás que a lexislación sectorial sinala outro prazo.

III.1.- Resultado do trámite de audiencia aos municipios limítrofes.

Por oficios do día 14.06.2012 da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo,

Cascos Históricos e Grandes Proxectos, notificouse o trámite de audiencia previsto no artigo 85.2 da LOUGA aos Concellos de Nigrán, Gondomar, Mos, O Porriño e Redondela (notificados todos eles o día 22.06.2012), recibíndose unicamente resposta do Concello de Redondela o día 07.08.2012 (doc.120093525) consistente en informe do día 26.07.2012 do arquitecto municipal sobre a non incidencia da modificación puntual inicialmente aprobada polo Concello de Vigo sobre os intereses municipais redondeláns.

III.2.- Exame dos informes sectoriais recabados.

No presente expediente recabáronse os informes sectoriais que seguidamente se relacionan:

- Informe en materia de costas (ex. artigo 117.1 da LC) da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar, Secretaría de Estado de Medio Ambiente, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, do día 20.03.2012 (favorable).

- Informe da Subdirección Xeral de Planificación e Proxectos da Dirección Xeral de Infraestruturas, Secretaría Xeral de Infraestruturas, do Ministerio de Fomento, do día 21.02.2012 (favorable).

- Informe en materia de costas (ex. artigo 117.1 da LC) da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, da CMATI, do día 27.03.2012 (favorable).

- Informe da Axencia Galega de Infraestruturas, da CMATI, do día 12.04.2012 (favorable).

- Informe Dirección Xeral de Estradas, Subdirección Xeral de Explotación e Xestión de Rede, do Ministerio de Fomento, do día 16.04.2012 (favorable).

Todos os informes recabados foron emitidos favorablemente polas administracións públicas con competencias na materia, sinalando exclusivamente a Dirección Xeral de Estradas en informe do día 16.04.2012 a necesaria observancia das determinacións establecidas no artigo 25 da Lei 25/1988, do 29 de xullo, de Estradas, no referente á liña límite de edificación nas estradas de titularidade estatal, extremo non afectado pola modificación puntual que nos ocupa.

III.3.- Resultado da exposición pública.

O anuncio do acordo plenario do día 04.06.2012 de aprobación inicial da modificación puntual nº 4 do PXOM-08, publicouse o día 22.06.2012 no *Atlántico* e no *Faro de Vigo* e o día 06.07.2012 no DOG nº 129.

III.3.1.- ALEGACIONES PRESENTADAS: Segundo consta na certificación do 10.09.2012 do secretario titular da XMU, durante o período de exposición ao público do expediente de referencia, presentouse unha única alegación (con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 06.09.2012 -doc.120102706-).

III.3.2.- INFORME ÁS ALEGACIONES PRESENTADAS: Con data 26.09.2012 (asinado dixitalmente o 27.09.2012) a xefa da Área Técnica emitiu o seguinte informe :

“INFORME ás alegacións

Durante o período de exposición pública do expediente núm. 13145/411, da “Modificación puntual número 4 do Plan Xeral de ordenación municipal relativo ao fondo edificable nas ordenanzas 3 e 4”, aberto polo prazo de dous meses mediante a publicación de anuncios no Faro de Vigo e no Atlántico Diario, do 22 de xuño de 2012, así como no Diario Oficial de Galicia, núm. 129, do 6 de xullo de 2012, presentáronse os seguintes escritos de alegacións:

1.- *Elisa Villar Mallo, doc. nº 120102706*

O escrito expón a situación dunha parcela concreta situada na Avenida da Florida nº 43, na couzada delimitada polas rúas Arquitecto Baltar e Eduardo Blanco Amor, camiño de Espedrigada e Avenida da Florida. A citada couzada ten delimitadas as aliñacións interiores do patio nos planos de ordenación pormenorizada do vixente Plan Xeral.

Alega a interesada a pouco acertada delimitación do patio interior da couzada na que se empraza a súa finca, xa que non é acorde ca edificación existente pois deixa dentro do patio parte dun edificio de nove plantas. A interesada solicita a modificación da aliñación interior de dita couzada.

As pretensións da interesada exceden do alcance da modificación puntual nº 4 do PXOM, xa que esta só pretende eliminar a esixibilidade ás parcelas, incluídas nos ámbitos das ordenanzas 3 e 4, dun fondo real que supere en tres metros o fondo edificable definido polo Plan para adquirir a condición de edificables e non a modificación dos fondos establecidos no planeamento.

Como xa se indica na memoria do documento da modificación puntual, esta non pretende alterar as condicións xeométricas das edificacións determinadas polo Plan Xeral, nin os dereitos edificatorios dos propietarios, nin revisar as aliñacións das couzadas, senón que ditos dereitos poidan materializarse coa única limitación de resolver na esfera do privado as limitacións e servidumes”.

III.3.3.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DAS ALEGACIONES PRESENTADAS: sobre a base do informado pola xefa da Área Técnica o día 26.09.2012 proponse a desestimación da alegación presentada por D^a. Elisa Villar Mallo con entrada no Rexistro xeral da XMU do 06.09.2012 (doc.120102706).

III.4.- Aprobación provisional e informes preceptivos previos á aprobación definitiva.

Como resultado dos trámites de audiencia e exposición pública e, recabados os informes sectoriais referidos no apartado III.2. do presente informe proposta, a documentación referente á modificación puntual nº 4 do vixente PXOM que resultou

inicialmente aprobada polo plenario o día 04.06.2012 non ten sufrido modificación ningunha.

Xa que logo, cumpridos os trámites sinalados no artigo 85.1 a 7 da LOUGA (a excepción dos referentes á tramitación da avaliación ambiental estratéxica dada a súa innecesariedade), corresponderá ao Pleno do Concello a súa aprobación provisional, previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local en cumprimento do artigo 127.1c) da LRBRL e ditame do Consello da XMU ex. artigo 10.1.a) dos estatutos da XMU. O acordo da aprobación provisional é un mero acto de trámite non susceptible de recurso administrativo (STS 05.06.1998 e 10.10.1998). Con anterioridade á súa adopción deberá emitir informe xurídico a Secretaría do Pleno (artigos 54.1.b) TRRL e 122.5.e).2º e 123.2 LRBRL) e a Intervención municipal (artigos 54.1.b TRRL e 123.2 LRBRL).

Por aplicación do establecido no artigo 85.8 da LOUGA “en caso de que pretendan introducirse, no momento da aprobación provisional polo Pleno municipal, modificacións que signifiquen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, pola adopción de novos criterios respecto á clasificación e cualificación do solo, ou en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, abrirase un novo trámite de información pública con anterioridade ao referido acordo do Pleno municipal e da remisión da documentación oportuna á consellería para resolver sobre a súa aprobación definitiva”.

Adoptado o acordo de aprobación provisional, o expediente completo, debidamente dilixenciado, someterase ao órgano autonómico competente para a súa aprobación definitiva, debendo a CMATI, recibido este e no prazo dun mes, proceder ao exame da súa integridade documental e das actuacións administrativas realizadas e, de apreciar a omisión ou defectuosa realización dalgún trámite ou a existencia dalgunha deficiencia na documentación, requirirá a súa subsanación, fixando prazo ao efecto. Ata o cumprimento efectivo, de ser o caso, deste requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a resolución sobre a aprobación definitiva ni procederá resolver sobre esta.

En consecuencia, de acordo co artigo 85.7 da LOUGA, completado o expediente, o órgano competente para aprobar definitivamente a modificación puntual adoptará a decisión que proceda, se ben por aplicación do artigo 85.10 da LOUGA esta entenderase aprobada definitivamente se transcorresen tres meses dende a entrada do expediente completo no Rexistro do órgano competente sen que este comunicase a resolución.

Así mesmo, en virtude do disposto no artigo 117.2 da LC e, toda vez que foron recabados os informes en materia de costas previos á aprobación inicial tanto da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar (Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente). como da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (CMATI) -ambos favorables-, concluída a tramitación da modificación puntual nº 4 do PXOM-08 e inmediatamente antes da súa aprobación definitiva, darase traslado ás administracións públicas competentes en materia de costas do contido daquela para que no prazo de dous meses se pronuncie sobre a mesma.

III.5.- Presupostos da executividade da modificación puntual: aprobación definitiva e publicación da normativa.

De conformidade co establecido no artigo 89 da LOUGA, a competencia para a aprobación definitiva da modificación puntual nº 4 do PXOM-08 residénciase no titular da CMATI e será inmediatamente executiva tras a súa entrada en vigor, por mandato do artigo 92 da LOUGA, polo que, o acordo de aprobación definitiva que, no seu caso, se adopte polo titular da CMATI, deberá publicarse no DOG no prazo dun mes dende a súa adopción e os contidos normativos no BOP.

A súa entrada en vigor producirase nos termos sinalados nos artigos 70.2 e 65.2 da LRBRL.

IV.- Órgano competente.

É competente para aprobar provisionalmente a modificación puntual nº 4 do PXOM-08 o Pleno do Concello co voto favorable da maioría absoluta da maioría legal de membros da Corporación (artigos 85.7 da LOUGA e 123.1.i) e 123.2 LRBRL), previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.c) da LRBRL e ditame do Consello da XMU (artigos 3º.1 e 10º.1.a) do estatutos da XMU, AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa consideración de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRBRL e 47 e ss. ROP)."

Polo anteriormente exposto, a técnica de administración xeral da Xerencia de Urbanismo emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 15 de outubro, deu á súa aprobación ao anterior informe proposta.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión do día 26 de outubro, por maioría, propón ao Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez,

Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, acórdase:

Primeiro.- Desestimar a alegación presentada por D^a. Elisa Villar Mallo, con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 06.09.2012 (doc.120102706) durante o trámite de exposición pública, sobre a base do informe da xefa da Área Técnica do día 26.09.2012, transcrito nos antecedentes deste acordo.

Segundo.- Aprobar provisionalmente a “Modificación puntual nº 4 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo, relativa ás condicións de fondo edificable nas ordenanzas (edificación en couzada pechada) e 4 (edificación en aliñación de rúa)”, redactada pola Oficina de Planeamento e Xestión da XMU en xaneiro de 2012 (documento V1).

Terceiro.- Dar traslado do contido da modificación puntual nº 4 do PXOM provisionalmente aprobada, ás administracións competentes en materia de costas para que, de conformidade co artigo 117.2 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, se pronuncien sobre a mesma no prazo máximo de dous meses, para seguidamente, e sempre que os informes emitidos non sexan desfavorables en materias da súa competencia, remitir o expediente completo debidamente dilixenciado ao titular da CMATI como órgano competente para a súa aprobación definitiva, que se entenderá producida se transcorreran tres meses dende a entrada do expediente completo no correspondente Rexistro autonómico sen que fose comunicada a resolución que proceda.

DEBATE CONXUNTO DOS PUNTOS 2 AO 28 DA ORDE DO DIA.

A PRESIDENCIA: Coma é habitual e se lles parece ben aos señores e señoras concelleiros, someteremos a debate de forma conxunta dende, o punto 2 ata o punto 28, procedendo en termos de desenvolvemento igual que na aprobación provisional, con intervención inicial da concelleira de Facenda, con dez minutos de tempo para cada un dos grupos, segunda quenda de tres minutos e pecha o goberno cunha quenda de tres minutos.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Bos días. Hai uns meses os datos do ano 2012 do Ministerio

de Facenda confirmaban que Vigo era unha das principais cidades galegas con menor presión fiscal. Mentres en Vigo os cidadáns contribúen ao presuposto municipal con 741 euros por habitante, na Coruña facíano con 916 euros é dicir un 23,6% máis, en Lugo pagaban 937 euros en impostos municipais e dicir un 26,4% máis que en Vigo, en Ourense 969 euros é dicir un 30,8 % máis que en Vigo e en Santiago pagaban os cidadáns 1024 euros en impostos municipais o que supoñía un 38,2% máis do que se pagaba en Vigo.

As ordenanzas que hoxe traemos ó Pleno volven a confirmar e a consolidar que Vigo será de novo a cidade galega e unha das principais cidades españolas con menor presión fiscal porque as ordenanzas que hoxe traemos para aprobación definitiva de novo volven a traer conxelación de tarifas, bonificación a usuarios, exencións a cidadáns que farán que unha vez máis o Concello de Vigo e polo tanto os vigueses serán os que menos impostos municipais pagan.

Estas ordenanzas contemplan dous claros obxectivos, por unha parte un obxectivo social e así se atende aqueles colectivos máis desfavorecidos e máis afectados pola crise, estamos falando dos dependentes, dos empregados de longa duración, de familias numerosas, de familias monoparentais, de maiores, de pensionistas e estamos a falar tamén dos nosos nenos. Pero ademais deste obxectivo social que atende claramente a estes colectivos, o outro gran obxectivo que nos marcamos nestas ordenanzas municipais foi reducir a presión fiscal a todas e cada unha das familias viguesas e por iso nestas ordenanzas para o ano 2013 contemplamos entre outras medidas en primeiro lugar a conxelación nominal das taxas das escolas infantís, é dicir, cincocentas familias viguesas non van a pagar nin un euro máis por ter aos seus nenos e nenas nas nosas escolas infantís municipais. Non vai a ser así nas escolas infantís da Xunta de Galicia que van a ter que pagar un 50% máis, incluso van a ter que pagar uns servizos de comedor que nas escolas infantís municipais son gratuítos.

Imos proceder tamén a conxelación nominal na taxa do servizo de asistencia domiciliaria, é dicir, na prestación de axuda os nosos dependentes, falamos de 600 familias de vigueses con dependentes o seu cargo e esta é a terceira vez xa na que producimos unha redución nesta taxa de asistencia domiciliaria e facémolo ademais nun momento no que estamos vendo como tanto a Xunta como o goberno central paralizan a lei da dependencia e deixan os nosos maiores e os nosos

dependentes sen a coidada atención.

Pero ademais mantemos outras bonificacións e exencións que incorporamos ao largo destes anos, como pode ser por exemplo nas taxas de lixo, aquelas exencións a familias con rendas reducidas, a familias monoparentais, a familias numerosas, familias maiores que viven solos, aos maiores de 65 anos, a vítimas de violencia de xénero, a parados de larga duración ou a dependentes.

Estamos falando de case 4000 familias viguesas que estarán exentas de pagar o recibo do lixo grazas a estas ordenanzas municipais. Pero ademais contemplamos unha rebaixa dun 90% na taxa de licencias de locais menores con 150 metros cadrados, xa que queremos favorecer a nosa industria pequena o noso pequeno comercio e polo tanto lles rebaixamos o 90% na taxa de IAE. Pero tamén unha bonificación do 75% durante dous anos para vehículos ecolóxicos porque seguimos contribuindo co medio ambiente e na crise este non debe ser o gran prexudicado. Tamén formulamos bonificacións do 3% no IBI por pagar en dous prazos, 3000 familias viguesas poden acollerse a esta redución.

A taxa cero en terrazas que beneficia a todos os hostaleiros da nosa cidade, a rebaixa do 20% na taxa de lixo de oficinas para contribuír tamén con esta pequena axuda a este sector. Unha rebaixa do 10% na taxa de lixo para aquelas actividades económicas ás que o Estado lle subiu o IVE 8% ao 21%. Falamos entre outros dos das papelerías, dos que venden material escolar e polo tanto queremos axudar así con esta pequena contribución a facer máis levadeiro esta subida do IVE que acaba de facer o goberno central, pero tamén creamos un abono para piscinas tanto mensual como anual que ten unha bonificación do 25% para todos aqueles que estean empadroados en Vigo e un 50% desconto para as familias numerosas. Incrementamos o albor de rendas hasta un 4,1% que permitirá acollerse á exención de taxas a mais familias, falamos das taxas que se pagan na Escola Municipal de Música, na Escola de Teatro, nas escolas infantís, nos pavillóns municipais, pero ademais e sobre todo decidimos conxelar a taxa da auga, estamos a falar do recibo de auga, estamos a falar de 1 millón de euros de aforro para todas as familias viguesas.

Ogallá a Xunta eliminase o canón que acaba de poñer a todas as familias viguesas e que lle sobe o recibo de auga en Vigo ata un 30% ogallá os cidadáns da Coruña estiveran vivindo en Vigo porque acaban de ver como se aproba a súa taxa de

saneamento nun 300% e polo tanto pagarán o auga máis cara de toda Galicia. E para o resto de taxas e impostos o IPC do 2,1% moi inferior ao actual, que está situado nun 3,4%, polo tanto con todas estas ordenanzas permítense manter o esquema de taxas que permite que sigamos mantendo as bonificacións e subvencionando todas as nosas actividades e as nosas escolas. Así as escolas infantís municipais seguirán sendo subvencionadas ata 92%, a escola de Música seguirá sendo subvencionada nun 85%, a Escola de Teatro nun 85%, o IMD nun 70%, a Escola de Música Tradicional nun 100% e a Escola de Danza entre outras nun 99%. Polo tanto, todas e cada unha das familias viguesas, vanse a ver reflectidas nesta redución de taxas e impostos municipais, e isto estámolo facendo nun momento no que estamos vendo como outras administracións gobernadas polo PP non cumpren coas súas promesas e claramente están facendo políticas impositivas, por exemplo, o Partido Popular no goberno central acaba de subir o IRPF, o IVE nalgúns sectores do 8 ao 21% como por exemplo dicíamos o material escolar aos nosos nenos, a partir de agora todo o que teñen que comprar de cartolinas e lapis considéraselle material de luxo. Está afectando esta subida do IVE ao prezo dos comedores que teñen que pagar os nenos para poder acceder a unha comida.

Tamén subiu o imposto de plusvalías, hidrocarburos, as taxas universitarias, o copagamento farmacéutico, os peaxes das autoestradas e hoxe nos despertamos con que a partir de agora xa empezamos a pagar pola xustiza, iso que chama o Partido Popular “a xustiza gratuíta” vaise a pagar con taxas. A min que me digan o que queiran pero o que se paga non é gratuíta.

Por parte da Xunta de Galicia tamén estamos vendo como incumpren cos seus compromisos e estamos vendo como en momentos actuais están subindo entre outros: o canón da auga hasta un 30% , as taxas das escolas infantís, agora unha familia vai ter que pagar 87 euros mais ao mes por ter o neno nunha escola infantil da Xunta de Galicia.

As taxas universitarias aumentáronse hasta un 100%, é dicir, duplicáronse as taxas de matrícula dos nosos estudantes, pero tamén aumentaron os impostos de sucesións e isto sumase a toda a batería de medidas de política de está facendo a Xunta de Galicia. Eliminación da gratuidade dos libros de texto, diminución das subvencións nos comedores dos colexios, non se pagaron as subvencións á cultura

ou ao deporte e non se pagaron entre outras as axudas concedidas para as vivendas de protección de Navia.

Esas son as diferencias entre as políticas municipais e as políticas que está facendo o Partido Popular na nosa provincia, na nosa cidade. E como este goberno é plenamente consciente da situación de crise e sabemos que afecta as economías familiares, ás pequenas e medianas empresas trouxemos aquí estas ordenanzas porque asumimos con elas novos compromisos, novos retos e polo tanto establecemos medidas efectivas que contribúen a paliar esta situación. Medidas que van a acabar xerando crecemento económico, emprego e atención social porque nós os socialistas defendemos que a política social, a loita pola igualdade, pola atención aos colectivos máis afectados pola conxuntura económica e, polo tanto, a busca da minoración dos efectos negativos da crise pódense conseguir non só a través dunha política de gasto público xeradora de emprego, senón tamén a través dunha política fiscal-social que é a que estamos levando a cabo.

Por iso mentres observamos como outras administracións neste momento soben todos e cada un dos impostos dos que teñen competencia, este goberno municipal di que non, este goberno conxela as taxas das escolas infantís municipais, a auga, Vitrasa, o Servizo de asistencia domiciliar, seguemos coas axudas ao transporte, aos impostos de circulación para os vehículos ecolóxicos; todo isto provoca unha redución na carga fiscal e non o dicimos nós senón que o di o Ministerio de Facenda.

Vigo é e seguirá sendo a cidade con menor carga fiscal de Galicia e unha das de menor carga fiscal en España.

SRA. VELOSO RÍOS: Moitas grazas, ben hoxe traemos a aprobación definitiva as ordenanzas que xa aprobamos na súa aprobación inicial. O BNG votou a favor da aprobación inicial das ordenanzas porque ademais, recollía todas as emendas que presentamos no seu momento ó proxecto de ordenanzas presentado polo goberno local, que tiñan por obxectivo, basicamente, tratar de maneira desigual a aqueles están nunha situación desigual.

Eu teño que dicir que o BNG non está de acordo con que haxa que diminuír a presión fiscal a todas a e cada unha das familias da nosa cidade.

Nós entendemos que o importante é diminuír a presión fiscal naquelas persoas que

están pasando por situacións especialmente difíciles; por iso todas as emendas que presentou o BNG estaba dirixidas, fundamentalmente, a aumentar as exencións e aumentar as bonificacións daquelas persoas que estaban nunha situación de desemprego, en situación de desemprego de longa duración e en situación de dependencia, porque agora mesmo son as persoas que mais están sufrindo, por unha banda pola crise económica que nos afecta a todos e a todas e por outra polos tremendos recortes nos servizos que as administracións teñen a obriga de prestar e que son mais necesarios que nunca para estas persoas.

Nós queríamos ademais que estas ordenanzas garantiran, precisamente por iso, os ingresos da administración local para poder ofrecer os servizos necesarios a estas persoas. Nos entendemos que é preciso garantir os ingresos da administración local a través destas ordenanzas municipais, pero fundamentalmente para utilizar eses cartos en bolsas de comedor, en plans de emprego, que lle dean traballo as persoas da nosa cidade. Para empregar eses cartos en axudas sociais nun plan de compensación social contra a crise, para que familias en situacións moi complicadas poidan recibir apoio nas necesidades básicas por parte da administración local.

Entendemos que hai que utilizar eses cartos para crear infraestruturas, pero educativas e culturais, para as escolas infantís, para centros culturais, onde tamén se xera riqueza.

Non podemos tratar igual ós desiguais para conseguir estes ingresos e poder ofrecer os servizos para aqueles e aquelas que mais o precisan, queremos un sistema xusto, no que paguen menos os que menos teñen, e no que paguen mais os que máis teñen, por iso aumentamos as exencións e as bonificacións das persoas en peor situacións.

Sempre se teñen en conta os valores de renda para aplicar estas exencións e bonificacións nas ordenanzas municipais, iso é básico para nós de feito hai presentada algunha alegación solicitando bonificacións, por exemplo no IBI, que atende ao valor catastral da vivenda unicamente ou o número de fillos, pero non o indicador que para nós é determinante da capacidade económica que é a renda, ese é o indicador determinante e de feito nos alegramos de que esas alegacións fosen rexeitadas. O importante non é que teñamos maior ou menor presión fiscal para todas as familias, non, o importante é como se reparte esa presión fiscal.

Un sistema fiscal ten que ser progresivo, e ten que atender a situación de cada persoa, non ten que aplicarse igual a todo o mundo e por suposto o importante é despois para que utilizamos os ingresos obtidos. O BNG ten moi claro para que hai que utilizalo, precisamente, para garantir os servizos ás persoas mais necesitadas. Houbo dúas condicións que puxo o BNG para poder aprobar estas ordenanzas, por unha banda a conxelación do billete do Vitrasa e por outra banda a conxelación da tarifa da auga.

Esiximos que se conxelase a tarifa da auga mentres non se aplique unha nova tarificación no recibo da auga, por fin xa temos un estudo no que, polo menos, se plasma con números un estudo para comezar unha nova tarificación do recibo da auga. Esta é unha demanda de hai moitos anos por parte de todos os veciños/as da nosa cidade, e por fin temos un estudo sobre a nova tarificación da auga.

Tamén é certo que, para nós era fundamental que se elaborase ese estudo, e que se conxelase mentres non se aplique unha nova tarifa e iso é o que imos a aprobar hoxe, que se manteña conxelada, porque tamén avisamos que non nós vale calquera estudo.

É certo que de momento temos aínda que estudar a nosa tarificación da auga porque como sae hoxe nalgún medio de comunicación, o recibimos o sábado.

Ademais lamentamos que un estudo, que leva o logo do Concello de Vigo, non cumpra coa legalidade, coa ordenanza lingüística da que se dotou este concello hai moitos anos e estea redactado unicamente en castelán, nós vamos a esixir que este estudo se redacte en galego e se nos entregue en galego.

É un estudo feito por unha empresa que ten como obxectivo, e ben o especifica neste estudo, garantir os ingresos da empresa.

Nós entendemos que legalmente é preciso garantir o equilibrio económico financeiro dunha empresa, non os seus ingresos. Acábaselle de renovar o contrato e os ingresos non son o único elemento do equilibrio económico financeiro dunha empresa, son os ingresos e tamén os gastos, e tamén os investimentos que aínda lle debe a esta cidade. Así que esta non pode ser a premisa na que se base ningún estudo sobre unha nova tarifa de auga para os vigueses/as.

Ademais estamos agardando a opinión do goberno local, por suposto, porque este é un estudo dunha concesionaria e nós queremos saber que propón o goberno local para a nova tarifa da auga.

Por iso mantemos a conxelación da tarifa da auga porque con estes vimbios, de momento, non podemos facer moitos cestos e é certo que ten perolas importantes este estudo, porque nel se di que a tarifa actual é progresiva. A tarifa actual non é progresiva cando no primeiro tramo dese consumo de 30 metros cúbicos entran o 38% dos usuarios domésticos da nosa cidade. Iso, nós entendemos que non é progresividade, por iso solicitamos un estudo para unha nova tarificación.

Mentres esa nova tarificación non se aplique, o prezo da auga tense que manter conxelado, non podemos actualizalo porque segue a ser inxusto.

Esiximos tamén a conxelación do billete de Vitrasa que tamén vai manterse e por iso vamos a aprobar estas ordenanzas, porque supoñen unha presión fiscal inferior para aqueles para aqueles que o están pasando peor, porque supón un sistema fiscal máis xusto e máis social, porque garante ingresos para poder aplicar ademais medidas de protección as persoas que máis o necesitan nestes momentos e que están sendo absolutamente abandonadas por outras administracións, como a autonómica ou a estatal.

Queremos pedirlle ao goberno local que este estudo non se quede simplemente nun papel, que leve realmente a aplicar unha tarifa máis xusta tamén nun servizo básico mínimo como é o servizo da auga para todos os galegos/as.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Bos días hoxe trae o goberno municipal a aprobación definitiva das novas ordenanzas fiscais para o ano 2013, os impostos e taxas municipais que os vigueses/as imos a pagarlle ao concello polos servizos que nos presta.

Pois ben, Partido Socialista e BNG van a perpetrar un novo atraco contra os petos dos cidadáns, os vigueses/as teñen que sabelo socialistas e nacionalistas puxéronse de acordo en subirlles os impostos e as taxas municipais un 2,1% para o vindeiro ano.

Sempre se poñen de acordo en dúas cousas: en subirlle os impostos aos cidadáns e en como gastalos. Ver para crer, forzas políticas de esquerdas e de progreso levan 6 anos seguidos poñéndose de acordo en subirlles os impostos ao cidadáns e en como gastalos.

Xa lles anunciamos que co Partido Popular non conten, porque nós non imos a apoiar esta medida, e a razón e máis que contundente nun período de crise como o

que vivimos o que hai que axustar é o gasto, mire que llo repetimos, gobernar non é gastar, Sra. Díaz, gobernar é administrar e non aumentar os impostos e as taxas, nin aos cidadáns nin as pequenas e medianas empresas; e por moitas voltas que lle queiran dar subir un 2,1% os impostos non significa conxelalos, significa subir os impostos.

Por iso vostedes non teñen outro cualificativo máis que o de irresponsables, porque saben que hai unha gran cantidade de persoas en paro en Vigo, 34.000, o dobre dende que o Sr. Abel Caballero é Alcalde, e aqueles que teñen a sorte de traballar, ou lles baixaron a nómina ou lles conxelaron o soldo, subida igual a cero; pero vostedes seguen subindo os impostos municipais para afogar aínda máis á xente e ás empresas que chegan como poden a fin de mes.

E para que soben os impostos municipais? hai dous meses non o sabíamos, cando se aprobaron inicialmente estas ordenanzas non o sabíamos, pero agora si porque xa presentaron un borrador do presuposto para 2013. Os Vigueses/as saben para que lles soben os impostos, os soben porque lle queran pagar 6 millóns de euros máis á empresa concesionaria do lixo; porque con vostedes, os do partido Socialista, Vigo é o paraíso das concesionarias, non lles chegou con prorrogar o contrato de Aqualia cinco anos, cando xa estaba apunto de finalizar; para que a auga a sigan cobrando e que paguemos a auga máis cara de Galicia, para que sigan cobrándoa por un mínimo e non sigan cobrándoa polo consumo real. Nove de cada dez vigueses pagan máis de auga da que consumen.

Non sabemos deste estudo que fala o BNG, vese que non todos somos iguais, o Partido Popular que é o partido maioritario neste concello, que ganou as eleccións non tivo acceso a ese estudo.

Non coñecemos ese estudo do que fala o BNG que está en castelán, parécenos ademais lamentable en dous sentidos: lamentable que nos teñamos que decatarse por un medio de comunicación, pero o máis lamentable é que vostedes encargaran á concesionaria o estudo de como pagar menos de auga aos cidadáns, iso é lamentable non cabe en ningunha mente racional.

Aquí pagamos o recibo do lixo máis caro de Galicia, pero Vde. co diñeiro dos vigueses pagoulle vinte e un millóns e medio de euros este ano a “Fomento de Construcións e Contratas” e o ano que ven lle vai pagar 6 millóns de euros máis.

Vdes. lle van a pagar seis millóns de euros máis a concesionaria do lixo e ademais

sóbenlle dous euros a todos o vigueses/as no recibo do lixo. Dígame que nome ten isto, 6 millóns de euros máis lle pagamos e soben o recibo de lixo a todos os vigueses/as, de 74 euros que pagabamos no 2007 pagamos agora 85 euros polo lixo.

Xa sabemos tamén porque soben os impostos municipais, o soben porque queren seguir tirando os cartos dos vigueses pagando un voo a Londres que non serve para nada. Tamén sabemos que soben os impostos municipais aos vigueses porque hai que seguir pagándolle ao Alcalde eses programas de televisión. E queren seguir subindo os impostos ós vigueses porque hai que regalarlle todo o nosos cartos, os de todos os vigueses/as, aos sindicatos e as asociacións amigas, cousa que o interventor municipal lles recrimina, dilles que non se lles pode regalar cartos aos sindicatos, que estas axudas non se axustan ao ordenamento xurídico dilles nun informe que non se pode entregar cartos públicos de maneira directa, que se realice unha convocatoria pública, porque non se salvagardan os principios de igualdade.

Iso é o que fan coa subida dos impostos aos vigueses. Xa sei que é pedir moito para Vdes., pero sexan coherentes, se presumen dunha magnífica situación financeira no concello a pregunta é por que lle soben os impostos aos vigueses?. A situación económica do concello é delicada cando menos, porque dende que o Sr. Caballero é alcalde duplicou a débeda, o PP cando gobernou baixou a débeda de 108 millóns a 47 e agora a débeda xa vaia a parar aos 3 millóns de euros.

Atención a este dato, o ano que ven os vigueses/as imos pagar solo de intereses 2,3 millóns de euros, porque o Alcalde entrou nunha espiral moi perigosa de gastarse moito máis do que ingresa, e sabe como financia ese maior gasto? do ingreso, subindo os impostos municipais aos cidadáns de Vigo, poñendo multas de tráfico e acudindo a préstamos e máis préstamos como fixo o seu líder Sr. Rodríguez Zapatero.

Sr. Caballero cando dentro dous anos, se non é que é antes, deixe polo ben desta cidade de ser Alcalde o seu legado será unha enorme hipoteca que teremos que pagar durante moitos e moitos anos.

Non é posible controlar a débeda sen controlar o déficit, todos os anos non se pode gastar máis do que un ingresa Sr. Caballero.

Aquí estase acudindo a préstamos e máis préstamos ata que o saco rompa están

hipotecando o futuro dos vigueses, dos servizos municipais a costa de moita propaganda.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Tal como fala vostede: "Mentireiros". Cando se falta á verdade, o Dicionario da Real Academia di que é unha mentira.

Débeda co Partido Popular. O Sr. Abel Caballero, polo ben da cidade seguirá sendo alcalde durante moitos anos.

Agora sáenlle as cores porque acábase de ver que todo o que acaba de dicir é unha auténtica mentira. Isto que están a dicir, o pode quitar calquera cidadán acudindo as páxinas web do Ministerio e comprobar que todo o que dixo o Partido Popular é unha mentira. Se son capaces de mentir en algo ó que pode acceder todo o mundo, que non dirán no resto das cousas.

Falaban vostedes de que é un atraco. Atraco é o que están facendo Vdes. dende a Xunta e dende o goberno de España.

Son vostedes os que están premendo aos pequenos comercios. Saben o que é unha subida do 8% ao 21%, saben o que está ocasionando nas papelerías, estamos a falar das familias pero tamén estamos falando do pequeno comerciante que vive do que saca mes a mes en cada un deses establecementos. Estamos a falar de caídas de vendas de ata un 50%, de que vive esa familia a partir de agora.

E vostedes falaban de que a isto non se lle chama conxelar, entón vostedes por que no ano 2005 utilizaban a palabra conxelar para unha subida a todos, absolutamente a todos os impostos do 4%.

Do recibo da auga, ano 2005, palabras do Sr. Figueroa "nestes momentos os usuarios do servizo pagan como mínimo o consumo correspondente a un consumo de 30 metros cúbicos en dous meses, o gasten ou non", "e se di non somos capaces de ofrecer á empresa unha fórmula que garanta o equilibrio teremos que manter o sistema actual de facturación", que foi o que nos legaron.

Non foron capaces de facer un estudo que mantivese o equilibrio económico-financeiro e agora veñen aquí esixindo aos demais que fagamos o estudo pero mire é que xa está feito; a diferenza entre o Partido Popular e nós é que nós si o facemos, pero cando se concedeu isto hai 20 años, cantos anos gobernou o Partido Popular? oito anos. Que fixo o PP en oito anos?. Nada.

SRA. VELOSO RÍOS: Fala o PP de subir os impostos, quen sobe os impostos neste país?, quen sobe as taxas?, quen conxela as nóminas? quen elimina as pagas extras?, quen lles da os cartos públicos os bancos?. A cidadanía ten que empezar a pagar dúas veces os medicamentos, quen ten que ir agora a un hospital e pagar polos medicamentos que lle dean na farmacia hospitalaria?, quen esixe iso?. Quen nos cobra pola xustiza, para cuestións básicas? quen fai unha xustiza só para ricos?. Din vostedes que Vigo é o paraíso das concesionarias. Cal é o país que é un paraíso das concesionarias?. Cal e o país onde se privatizan servizos básicos como os servizos de emerxencias para garantir xa non só o equilibrio económico-financieiro senón os beneficios dunha empresa?.

Unha percebeira de aí o lado morreu porque a empresa que ten que garantir o servizo de emerxencia non tiña persoal de garda.

Que goberno é o que lle ofrece un paraíso as concesionarias?, o que lle ofrece un paraíso as empresas privadas dos seus amigos? O gobernado pola Xunta de Galiza, o gobernado polo Sr. Núñez Feijóo e o gobernado polo Sr. Rajoy, que nos fai pagar máis impostos a todos/as sexa cal sexa a nosa situación, que nos fai pagar os libros dos nosos fillos, polos comedores escolares, que nos fai pagar un 13% máis de IVE polo material escolar, non estamos a falar dun 2,1%, os gobernos que están favorecendo os despidos deste país, non creando emprego. Esa é a situación na que vivimos neste país, ese é o paraíso para as concesionarias e para as empresas privadas, aquí é onde se lle soben os impostos a todo o mundo, aquí é onde temos que pagar por servizos básicos, onde temos que pagar pola nosa saúde e pola nosa vida, porque cando falamos de xustiza tamén estamos falando diso, ese é no país que vivimos.

Non veñan agora con demagoxias Sres. do Partido Popular, e para que queremos gastar os nosos cartos? aquí por suposto que decidimos en que gastamos os cartos: en darlles cartos as persoas desta cidade que máis o necesitan, porque Vdes. as abandonaron completamente porque xa non teñen dereito a dependencia, xa non teñen dereito a cobrar o desemprego, porque teñen que pagar máis impostos, porque non teñen os máis mínimos recursos, a iso queremos dedicar os cartos desta cidade.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En outubro cando se debateron inicialmente as ordenanzas,

eu recordáballes o resultado das eleccións, Vdes. poñíanse moi nerviosos, patexaban, protestaban pero sigan así porque Vdes. están totalmente equivocados coa súa ca formulación. Perderon 16000 votos o partido Socialista nas últimas eleccións, 13700 o BNG e xa lles anuncio que como sigan así van seguir perdendo apoios e o Sr. Beiras seguirá fretando as mans, porque a súa herdanza, la herdanza que nos van a deixar vai a ser máis débeda, máis impostos municipais e máis multas de tráfico.

Préstamo Sra. Díaz de Vigo, imos a falar de Vigo, que é o que Vde. non quere falar. O Sr. Alcalde en 2008 pediu un préstamo de 15 millóns e medio de euros, en 2009 de 7.700.000 euros, en 2010 de 24 millóns e medio de euros, en 2011 de 10.300.000 euros, en 2012 de 9.700.000 euros e en 2013 prevé un préstamo de 9.100.000 euros, en vinte anos vanse a amortizar, depende do prazo no que se acha firmado, isto é o que nos a dar en herdanza cando deixen o goberno.

O Partido Popular a pesar de gañar as eleccións municipais en Vigo, está na oposición, pídelles que reflexionen. Se tan ben estamos economicamente por favor non lle suban os impostos municipais aos cidadáns de Vigo, aplíquelles unha taxa cero.

Si ademais aplican o rolo ata coas emendas que presenta a Federación de Veciños, a Asociación Galega de Familias Numerosas, Esquerda Unida... non lles fan caso a ninguén, so lle fan caso ao BNG.

Mire, xa non se leva políticas de gasto indiscriminado, non se leva o clientelismo o que hai que facer e ser eficientes na xestión dos recursos que son públicos. Lévase o rigor, a austeridade, a transparencia, a seriedade, a responsabilidade e por iso pedímoslles que non suban os impostos municipais aos cidadáns e as empresas de Vigo, porque Sr. Caballero Vde. vai pasar a historia por ser o Alcalde que máis endebedou ao concello e o máis subiu os impostos.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Mire, o repito porque parece que non o entendeu: "Mentira", todo o que acabada de dicir é unha mentira, é falso que se aumentase a débeda e vólvolle a mostrar o documento porque parece que non o viu. Coa Sra. Porro a porcentaxe da débeda foi dun 47,07% e nestes momentos a débeda que ten o Concello de Vigo con entidades financeiras e do 25,8%, a metade. Todo o que dixo Vde. e unha absoluta mentira. Unha amiga miña di que a ignorancia e moi atrevida

e iso é o que acaba Vde. de demostrar aquí, porque toda a súa intervención non pode ser cualificada máis que de cinismo e descaro político, porque son Vdes. quen conxelaron os soldos aos empregados públicos, son Vdes. os que están subindo os impostos, son Vdes. os que están baixando as pensións, son Vdes. os que están pagando avións a Santiago. Como poden vir aquí dicindo que non defendamos o aeroporto de Vigo e cando vostedes están pagando avións dende Santiago. Son vostedes os que están atacando aos sindicatos que son os únicos nestes momentos os que están a defender o emprego nesta cidade. Porque Vdes. fixeron unha lei que permite que o empresario agora faga o que queira, e polo tanto, que poidan saír a rúa moita xente sen indemnización, e sen nada e cando o traballador se atope con que está recibindo unha indemnización moito menor ao que lle toca na lei, ven o Sr. Gallardón e ponlle unha taxa xudicial para que nin sequera poida ir aos xulgados a reclamar que é un despido improcedente, esa é a súa política, cargarse aos traballadores.

Os do clientelismo son vostedes, son vostedes os que privatizaron a sanidade, son vostedes os que están facendo un hospital privado aí en Vigo, e parado porque neste momento non hai obra, non hai financiamento, son os españois os que coa súa política están a sufrir as consecuencias da crise, porque cada vez hai máis paro, si, hai máis paro, xerouse máis desemprego nun ano que en catro anos, polo tanto son Vdes. os que están xerando desemprego e non só iso, déronlle toda a chave a algúns empresarios para fixeran o que lles dera a gana, e é moita a xente que está a sufrir por iso.

Estas ordenanzas contemplan esas diminucións de impostos, din vostedes aquí que baixemos os impostos e eu dígolles: esixan vostedes aquí que a Xunta elimine o canón da auga, esixan que o goberno elimine a subida do IVE, esixan que o goberno elimine a subida do IRPF, esixan Vdes. aquí que a Xunta elimine a subida das taxas das garderías infantís, esixan que a Xunta devolva as subvencións aos comedores escolares, esixan que a Xunta pague as subvencións aos pisos protexidos de Navia, esixan Vdes. aquí todas esas barbaridades que se están a facer tanto dende o goberno central como dende a Xunta de Galicia, porque Vdes. están aquí para defender a Vigo, foron elixidos para defender a todos os vigueses/as, non foron elixidos para defender a Rajoy nin para defender a Feijóo, sen embargo vostedes están aquí a favor de Rajoy e Feijóo e en contra dos

vigueses.

2.-(252).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (2). RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS NO PERÍODO DE INFORMACIÓN PÚBLICA.

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, na súa sesión realizada o día 20 de outubro de 2012, aprobou provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles (2).

Segundo se sinala no informe emitido con data 10 de decembro pola directora de Ingresos, coa conformidade da concelleira delegada de Economía e Facenda:

“No Boletín Oficial da Provincia do 29 de outubro de 2012 e na prensa local con data 2 de novembro de 2012, publicáronse senllos anuncios de exposición pública dos acordos provisionais adoptados en sesión plenaria do 25 de outubro de 2012 sobre modificacións de ordenanzas fiscais e de prezos públicos contidas nos puntos 2 a 28 da orde do día, todo isto de conformidade co artigo 17.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Durante o período de exposición pública de trinta días hábiles, comprendidos entre o día 30 de outubro e 4 de decembro pasado, tiveron entrada no Rexistro Xeral as seguinte alegacións:

- Documento nº 120139731 con data de entrada no Rexistro Xeral do 27.11.12, constitutivo da alegación formulada por D. Jorge Martín Campos Seijo, con DNI número 36073732A, e seis persoas máis, ás que se suman a Asociación Galega de Familias Numerosas (AGAFAM) e a Federación Veciñal Eduardo Chao.
- Documento de Rexistro Electrónico W92023-2670 con data 30.11.12, constitutivo da alegación formulada por D. Ruben Pérez Correa con DNI 36136982A.
- Documento nº 120142795 con data de rexistro 04.12.12, alegación presentada por D. Santiago Cruz Pazó, con DNI 36280705Q.
- Documento nº 120143480 con data 05.12.12, constitutivo da alegación formulada por D. Armando Gayar Barreira, con DNI 36040058R.

A primeira das alegacións (documento nº 12013973) solicita que se revisen e modifiquen, se ha lugar, os termos e condicións para a concesión de bonificacións ao colectivo de familias numerosas nas ordenanzas fiscais de impostos, taxas e

prestación de servizos. Os alegantes están descontentos coa cifra de ingresos que constitúe o mínimo exento por debaixo do que as familias numerosas estarían exentas de taxas e gozarían dunha bonificación do 90% no IBI.

Alegan que se utiliza o IPREM do exercicio 2006 para determinar o mínimo exento. A continuación expónse unha comparativa do IPREM para o exercicio 2012 e a súa tradución á renda *per cápita* que se considerará o límite de ingresos ata os que se estará exento de determinadas taxas ou bonificado no 90% no IBI no Concello de Vigo:

Renda <i>per cápita</i> < 5.987 € Renda para ud. familiar	Nº fillos	Renda ud. Familiar IPREM 2012	Nº fillos
29.935,00 €	3	7.455,14 €	3
35.922,00 €	4	7.455,14 €	4
41.909,00 €	5	7.455,14 €	5

O Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) refírese a un índice que define un nivel de renda empregado, principalmente, como módulo estandarizado para a concesión de distintas axudas, becas, etc. Igualmente, emprégase como módulo de cálculo para valorar os máximos de renda para ter acceso a axudas ou beneficios sociais.

Este indicador emprégase para beneficios que atinxen a unidades familiares (acceso a vivenda en propiedade ou aluguer, por exemplo multiplicado por un número de veces, entre 2,5 veces e 6,5 veces segundo tipos de familia e/ou tipos de vivendas). No caso de beneficios de tipo persoal o IPREM multiplica por un número inferior á unidade (a título de exemplo, o cheque infantil -DOG 30.05.2012- multiplica o IPREM por 0,3).

No Concello de Vigo, as exencións e bonificacións a familias numerosas no IBI e taxas municipais son de carácter familiar e multiplican o IPREM por 4 no caso de tres fillos, por 4,8 no caso de catro fillos e por 5,6 no caso de 5 fillos, segundo se aprecia no cadro anterior.

Observando por tanto que o IPREM non é un indicador que se empregue directamente en termos *per cápita*, non pode atenderse á solicitude/alegación presentada ao non especificar o coeficiente ou número de veces polo que solicitan se multiplique o actual valor do IPREM.

En relación ás ordenanzas fiscais achegadas como exemplo do tratamento doutros concellos, debe observarse que aquelas só teñen en conta valores catastrais das vivendas, sen ponderar o indicador máis relevante de capacidade económica, cal é a renda familiar. Dito noutros termos, a aplicación do principio de equidade á que se refire o artigo 24.4 do TRLRFL queda mellor atendida utilizando a variable renda que un valor administrativo indicador de riqueza patrimonial como é o valor catastral.

A segunda das alegacións (documento de Rexistro Electrónico W92023-2670) presentada por D. Ruben Pérez Correa con DNI 36136982A propón:

a) O aprazamento ou fraccionamento de pagamento co fin de beneficiar ás economías familiares máis desfavorecidas. O Concello de Vigo ten regulado no artigo 41 da ordenanza fiscal xeral aprazamentos ou fraccionamentos nos supostos referidos na alegación e incluso por prazo superior. Esta norma, que non foi modificada no Pleno do 25 de outubro, non estivo en trámite de alegacións.

b) Propoñen unha nova escala de gravame para o IBI, tanto de natureza urbana como de características especiais que vai dende o 0,4% para bens inmobles con código T (espectáculos) con valor catastral igual ou superior a 10.000.000€ (no Concello de Vigo, non hai ningún) ata o máximo do 1,15% para bens de características especiais, bens inmobles cun valor catastral superior a determinadas contías e usos de oficinas, deportivo, industrial, ocio e hostalaría, comercial, almacén-estacionamento. Cómpre rexeitar a proposta porque a súa aplicación crearía efectos distorsionadores e agravios comparativos dentro de cada unha das ramas de actividade económica apuntadas. Estímase que tampouco resulta o IBI un ámbito axeitado para a aplicación do principio de progresividade fiscal ao se tratar dun tributo real.

c) Propoñen incluír unha bonificación da cota íntegra do IBI á familias numerosas respecto da súa vivenda habitual atendendo ao valor catastral da vivenda e ao número de fillos. Bonificación entre o 50% e o 90% da cota. O Concello de Vigo acolle unha bonificación do 90% na cota do IBI a familias numerosas con ingresos brutos *per cápita* inferiores a 5.987€, sistema este que xa pondera implicitamente o número de fillos e non exclúe a ningunha familia polo importe do valor catastral da vivenda pero si atende ao indicador fundamental e determinante da capacidade económica: a renda.”

O resto das alegacións presentadas non afectan á aprobación da presente ordenanza.

Polo anteriormente exposto a directora de Ingresos propón aprobar definitivamente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles

A comisión informativa de Economía e Facenda, Patrimonio e Educación, en sesión do 13 de decembro, ditaminou favorablemente a proposta formulada.

O Tribunal Económico Administrativo do Concello, en sesión de data 14 de decembro, ditamina favorablemente.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández

Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Desestimar as alegacións contidas nos documentos núms. 12013973 e documento de Rexistro Electrónico W92023-2670, polas razóns expostas no informe da directora de Ingresos que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Segundo.- Aprobar definitivamente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles co texto da súa aprobación inicial.

Terceiro.- Publicar no BOP o texto correspondente á modificacións da presente ordenanza aprobada definitivamente para o exercicio 2013.

Cuarto.- Facultar á Dirección de Ingresos para a elaboración dos correspondentes textos refundidos coa finalidade da edición do Libro de ordenanzas fiscais e de prezos públicos 2013.

3.-(253).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA (3). RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS NO PERÍODO DE INFORMACIÓN PÚBLICA.

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, na súa sesión realizada o día 20 de outubro de 2012, aprobou provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre Vehículos de tracción mecánica (3).

Segundo se sinala no informe emitido con data 10 de decembro pola directora de Ingresos, coa conformidade da concelleira delegada de Economía e Facenda:

“No Boletín Oficial da Provincia do 29 de outubro de 2012 e na prensa local con data 2 de novembro de 2012, publicáronse senllos anuncios de exposición pública dos acordos provisionais adoptados en sesión plenaria do 25 de outubro de 2012 sobre modificacións de ordenanzas fiscais e de prezos públicos contidas nos puntos 2 a 28 da orde do día, todo isto de conformidade co artigo 17.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Durante o período de exposición pública de trinta días hábiles, comprendidos entre o día 30 de outubro e 4 de decembro pasado, tiveron entrada no Rexistro Xeral as seguinte alegacións:

- Documento nº 120139731 con data de entrada no Rexistro Xeral do 27.11.12, constitutivo da alegación formulada por D. Jorge Martín Campos Seijo, con DNI número 36073732A, e seis persoas máis, ás que se suman a Asociación Galega de Familias Numerosas (AGAFAM) e a Federación Veciñal Eduardo Chao.
- Documento de Rexistro Electrónico W92023-2670 con data 30.11.12, constitutivo da alegación formulada por D. Ruben Pérez Correa con DNI 36136982A.
- Documento nº 120142795 con data de rexistro 04.12.12, alegación presentada por D. Santiago Cruz Pazó, con DNI 36280705Q.
- Documento nº 120143480 con data 05.12.12, constitutivo da alegación formulada por D. Armando Gayar Barreira, con DNI 36040058R.

A primeira das alegacións (documento nº 12013973) solicita que se revisen e modifiquen, se ha lugar, os termos e condicións para a concesión de bonificacións ao colectivo de familias numerosas nas ordenanzas fiscais de impostos, taxas e prestación de servizos. Os alegantes están desconformes coa cifra de ingresos que constitúe o mínimo exento por debaixo do que as familias numerosas estarían exentas de taxas e gozarían dunha bonificación do 90% no IBI.

Alegan que se utiliza o IPREM do exercicio 2006 para determinar o mínimo exento. A continuación expónse unha comparativa do IPREM para o exercicio 2012 e a súa tradución á renda *per cápita* que se considerará o límite de ingresos ata os que se estará exento de determinadas taxas ou bonificado no 90% no IBI no Concello de Vigo:

Renda <i>per cápita</i> < 5.987 € Renda para ud. familiar	Nº fillos	Renda ud. Familiar IPREM 2012	Nº fillos
29.935,00 €	3	7.455,14 €	3
35.922,00 €	4	7.455,14 €	4
41.909,00 €	5	7.455,14 €	5

O Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) refírese a un índice que define un nivel de renda empregado, principalmente, como módulo estandarizado

para a concesión de distintas axudas, becas, etc. Igualmente, emprégase como módulo de cálculo para valorar os máximos de renda para ter acceso a axudas ou beneficios sociais.

Este indicador emprégase para beneficios que atinxen a unidades familiares (acceso a vivenda en propiedade ou aluguer, por exemplo multiplicado por un número de veces, entre 2,5 veces e 6,5 veces segundo tipos de familia e/ou tipos de vivendas). No caso de beneficios de tipo persoal o IPREM multiplica por un número inferior á unidade (a título de exemplo, o cheque infantil -DOG 30.05.2012- multiplica o IPREM por 0,3).

No Concello de Vigo, as exencións e bonificacións a familias numerosas no IBI e taxas municipais son de carácter familiar e multiplican o IPREM por 4 no caso de tres fillos, por 4,8 no caso de catro fillos e por 5,6 no caso de 5 fillos, segundo se aprecia no cadro anterior.

Observando por tanto que o IPREM non é un indicador que se empregue directamente en termos *per cápita*, non pode atenderse á solicitude/alegación presentada ao non especificar o coeficiente ou número de veces polo que solicitan se multiplique o actual valor do IPREM.

En relación ás ordenanzas fiscais achegadas como exemplo do tratamento doutros concellos, debe observarse que aquelas só teñen en conta valores catastrais das vivendas, sen ponderar o indicador máis relevante de capacidade económica, cal é a renda familiar. Dito noutros termos, a aplicación do principio de equidade á que se refire o artigo 24.4 do TRLRFL queda mellor atendida utilizando a variable renda que un valor administrativo indicador de riqueza patrimonial como é o valor catastral.

A segunda das alegacións (documento de Rexistro Electrónico W92023-2670) presentada por D. Ruben Pérez Correa con DNI 36136982A propón:

a) O aprazamento ou fraccionamento de pagamento co fin de beneficiar ás economías familiares máis desfavorecidas. O Concello de Vigo ten regulado no artigo 41 da ordenanza fiscal xeral aprazamentos ou fraccionamentos nos supostos referidos na alegación e incluso por prazo superior. Esta norma, que non foi modificada no Pleno do 25 de outubro, non estivo en trámite de alegacións.

A terceira alegación presentada (documento 120142795) propón que a exención no imposto sobre vehículos de tracción mecánica por discapacidade sexa aplicada con carácter retroactivo, independentemente de cando se solicite. Segundo a regulación legal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, esta exención ten carácter rogado e este tipo de beneficios fiscais de carácter rogado deberán xurdir efectos para o exercicio seguinte a aquel no que se solicitan, se ben en vía de recurso poderían aplicarse ao exercicio corrente. Sentado que o ingreso de cotas do imposto de vehículos de tracción mecánica realizado con anterioridade ao acordo de exención é un ingreso debido, só se xustificaría a devolución dunha parte deste ingreso como paliativo á demora no recoñecemento da discapacidade. En todo caso, a administración tributaria municipal deberá quedar resarcida dos custes

de xestión dos recibos correctamente emitidos e ingresados, así como da tramitación e xestión do expediente de devolución de ingresos.

Estímase que podería engadirse ao artigo 5 da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica un último parágrafo do seguinte tenor literal: *“No caso da exención á que se refire o artigo 4, apartado 1.5, se constase no certificado da condición de discapacitado unha data de efectos anterior á solicitude de exención do imposto, a administración tributaria do Concello tramitará devolución en contía do 90% das cotas ingresadas ata un máximo de oito trimestres, contados dende a data da solicitude de exención do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.”*

O resto das alegacións presentadas non afectan á aprobación da presente ordenanza.

Polo anteriormente exposto a directora de Ingresos propón aprobar definitivamente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles

A comisión informativa de Economía e Facenda, Patrimonio e Educación, en sesión do 13 de decembro, ditaminou favorablemente a proposta formulada.

O Tribunal Económico Administrativo do Concello, en sesión de data 14 de decembro, ditamina favorablemente.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Desestimar as alegacións contidas nos documentos núms. 12013973 e

documento de Rexistro Electrónico W92023-2670, polas razóns expostas no informe da directora de Ingresos que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Segundo.- Estimar a alegación contida no documento núm. 120142795 e, xa que logo, aprobar definitivamente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica co texto da súa aprobación inicial, engadindo o seguinte parágrafo ao final do artigo 5 da citada ordenanza:

“No caso da exención á que se refire o artigo 4, apartado 1.5, se constase no certificado da condición de discapacitado unha data de efectos anterior á solicitude de exención do imposto, a administración tributaria do Concello tramitará devolución en contía do 90% das cotas ingresadas ata un máximo de oito trimestres, contados dende a data da solicitude de exención do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.”.

Terceiro.- Publicar no BOP o texto correspondente á modificacións da presente ordenanza aprobada definitivamente para o exercicio 2013.

Cuarto.- Facultar á Dirección de Ingresos para a elaboración dos correspondentes textos refundidos coa finalidade da edición do Libro de ordenanzas fiscais e de prezos públicos 2013.

4.-(254).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (4). RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS NO PERÍODO DE INFORMACIÓN PÚBLICA

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, na súa sesión realizada o día 20 de outubro de 2012, aprobou provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas (4).

Segundo se sinala no informe emitido con data 10 de decembro pola directora de Ingresos, coa conformidade da concelleira delegada de Economía e Facenda:

“No Boletín Oficial da Provincia do 29 de outubro de 2012 e na prensa local con data 2 de novembro de 2012, publicáronse senllos anuncios de exposición pública dos acordos provisionais adoptados en sesión plenaria do 25 de outubro de 2012 sobre modificacións de ordenanzas fiscais e de prezos públicos contidas nos puntos 2 a 28 da orde do día, todo isto de conformidade co artigo 17.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas

locais.

Durante o período de exposición pública de trinta días hábiles, comprendidos entre o día 30 de outubro e 4 de decembro pasado, tiveron entrada no Rexistro Xeral as seguinte alegacións:

- Documento nº 120139731 con data de entrada no Rexistro Xeral do 27.11.12, constitutivo da alegación formulada por D. Jorge Martín Campos Seijo, con DNI número 36073732A, e seis persoas máis, ás que se suman a Asociación Galega de Familias Numerosas (AGAFAM) e a Federación Veciñal Eduardo Chao.
- Documento de Rexistro Electrónico W92023-2670 con data 30.11.12, constitutivo da alegación formulada por D. Ruben Pérez Correa con DNI 36136982A.
- Documento nº 120142795 con data de rexistro 04.12.12, alegación presentada por D. Santiago Cruz Pazó, con DNI 36280705Q.
- Documento nº 120143480 con data 05.12.12, constitutivo da alegación formulada por D. Armando Gayar Barreira, con DNI 36040058R.

A primeira das alegacións (documento nº 12013973) solicita que se revisen e modifiquen, se ha lugar, os termos e condicións para a concesión de bonificacións ao colectivo de familias numerosas nas ordenanzas fiscais de impostos, taxas e prestación de servizos. Os alegantes están desconformes coa cifra de ingresos que constitúe o mínimo exento por debaixo do que as familias numerosas estarían exentas de taxas e gozarían dunha bonificación do 90% no IBI.

Alegan que se utiliza o IPREM do exercicio 2006 para determinar o mínimo exento. A continuación expónse unha comparativa do IPREM para o exercicio 2012 e a súa tradución á renda *per cápita* que se considerará o límite de ingresos ata os que se estará exento de determinadas taxas ou bonificado no 90% no IBI no Concello de Vigo:

Renda <i>per cápita</i> < 5.987 € Renda para ud. familiar	Nº fillos	Renda ud. Familiar IPREM 2012	Nº fillos
29.935,00 €	3	7.455,14 €	3
35.922,00 €	4	7.455,14 €	4
41.909,00 €	5	7.455,14 €	5

O Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) refírese a un índice que define un nivel de renda empregado, principalmente, como módulo estandarizado para a concesión de distintas axudas, becas, etc. Igualmente, emprégase como módulo de cálculo para valorar os máximos de renda para ter acceso a axudas ou beneficios sociais.

Este indicador emprégase para beneficios que atinxen a unidades familiares (acceso a vivenda en propiedade ou aluguer, por exemplo multiplicado por un número de veces, entre 2,5 veces e 6,5 veces segundo tipos de familia e/ou tipos

de vivendas). No caso de beneficios de tipo persoal o IPREM multiplica por un número inferior á unidade (a título de exemplo, o cheque infantil -DOG 30.05.2012- multiplica o IPREM por 0,3).

No Concello de Vigo, as exencións e bonificacións a familias numerosas no IBI e taxas municipais son de carácter familiar e multiplican o IPREM por 4 no caso de tres fillos, por 4,8 no caso de catro fillos e por 5,6 no caso de 5 fillos, segundo se aprecia no cadro anterior.

Observando por tanto que o IPREM non é un indicador que se empregue directamente en termos *per cápita*, non pode atenderse á solicitude/alegación presentada ao non especificar o coeficiente ou número de veces polo que solicitan se multiplique o actual valor do IPREM.

En relación ás ordenanzas fiscais achegadas como exemplo do tratamento doutros concellos, debe observarse que aquelas só teñen en conta valores catastrais das vivendas, sen ponderar o indicador máis relevante de capacidade económica, cal é a renda familiar. Dito noutros termos, a aplicación do principio de equidade á que se refire o artigo 24.4 do TRLRFL queda mellor atendida utilizando a variable renda que un valor administrativo indicador de riqueza patrimonial como é o valor catastral.

A segunda das alegacións (documento de Rexistro Electrónico W92023-2670) presentada por D. Ruben Pérez Correa con DNI 36136982A propón:

a) O aprazamento ou fraccionamento de pagamento co fin de beneficiar ás economías familiares máis desfavorecidas. O Concello de Vigo ten regulado no artigo 41 da ordenanza fiscal xeral aprazamentos ou fraccionamentos nos supostos referidos na alegación e incluso por prazo superior. Esta norma, que non foi modificada no Pleno do 25 de outubro, non estivo en trámite de alegacións.

...

d) Respecto das bonificacións propostas no imposto de actividades económicas, o Concello de Vigo xa ten regulada unha bonificación por incremento de plantilla con contrato indefinido no artigo 6.5 da ordenanza fiscal do IAE. Tanto a modificación deste extremo como a aplicación dunha bonificación por contar cun plan de transporte para os seus traballadores que teña por obxecto reducir consumo de enerxía e as emisións causadas polo desprazamento ao lugar do posto de traballo requirirá, amais da aceptación pola Concellería de Facenda, a participación das Concellerías de Emprego e Tráfico, polo que se estudará para o vindeiro exercicio.

O resto das alegacións presentadas non afectan á aprobación da presente ordenanza.

Polo anteriormente exposto a directora de Ingresos propón aprobar definitivamente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades

económicas.

A comisión informativa de Economía e Facenda, Patrimonio e Educación, en sesión do 13 de decembro, ditaminou favorablemente a proposta formulada.

O Tribunal Económico Administrativo do Concello, en sesión de data 14 de decembro, ditamina favorablemente.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Desestimar as alegacións contidas nos documentos núms. 12013973 e documento de Rexistro Electrónico W92023-2670, polas razóns expostas no informe da directora de Ingresos que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Segundo.- Aprobar definitivamente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre actividades económicas co texto da súa aprobación inicial.

Terceiro.- Publicar no BOP o texto correspondente á modificacións da presente ordenanza aprobada definitivamente para o exercicio 2013.

Cuarto.- Facultar á Dirección de Ingresos para a elaboración dos correspondentes textos refundidos coa finalidade da edición do Libro de ordenanzas fiscais e de prezos públicos 2013.

5.-(255).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (5). RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS NO PERÍODO DE INFORMACIÓN PÚBLICA

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, na súa sesión realizada o día 20 de outubro de 2012, aprobou provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras (5).

Segundo se sinala no informe emitido con data 10 de decembro pola directora de Ingresos, coa conformidade da concelleira delegada de Economía e Facenda:

“No Boletín Oficial da Provincia do 29 de outubro de 2012 e na prensa local con data 2 de novembro de 2012, publicáronse senllos anuncios de exposición pública dos acordos provisionais adoptados en sesión plenaria do 25 de outubro de 2012 sobre modificacións de ordenanzas fiscais e de prezos públicos contidas nos puntos 2 a 28 da orde do día, todo isto de conformidade co artigo 17.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Durante o período de exposición pública de trinta días hábiles, comprendidos entre o día 30 de outubro e 4 de decembro pasado, tiveron entrada no Rexistro Xeral as seguinte alegacións:

- Documento nº 120139731 con data de entrada no Rexistro Xeral do 27.11.12, constitutivo da alegación formulada por D. Jorge Martín Campos Seijo, con DNI número 36073732A, e seis persoas máis, ás que se suman a Asociación Galega de Familias Numerosas (AGAFAM) e a Federación Veciñal Eduardo Chao.
- Documento de Rexistro Electrónico W92023-2670 con data 30.11.12, constitutivo da alegación formulada por D. Ruben Pérez Correa con DNI 36136982A.
- Documento nº 120142795 con data de rexistro 04.12.12, alegación presentada por D. Santiago Cruz Pazó, con DNI 36280705Q.
- Documento nº 120143480 con data 05.12.12, constitutivo da alegación formulada por D. Armando Gayar Barreira, con DNI 36040058R.

A primeira das alegacións (documento nº 12013973) solicita que se revisen e modifiquen, se ha lugar, os termos e condicións para a concesión de bonificacións ao colectivo de familias numerosas nas ordenanzas fiscais de impostos, taxas e prestación de servizos. Os alegantes están descontentos coa cifra de ingresos que constitúe o mínimo exento por debaixo do que as familias numerosas estarían exentas de taxas e gozarían dunha bonificación do 90% no IBI.

Alegan que se utiliza o IPREM do exercicio 2006 para determinar o mínimo exento. A continuación expónse unha comparativa do IPREM para o exercicio 2012 e a súa tradución á renda *per cápita* que se considerará o límite de ingresos ata os que se estará exento de determinadas taxas ou bonificado no 90% no IBI no Concello de Vigo:

Renda <i>per cápita</i> < 5.987 € Renda para ud. familiar	Nº fillos	Renda ud. Familiar IPREM 2012	Nº fillos
29.935,00 €	3	7.455,14 €	3
35.922,00 €	4	7.455,14 €	4
41.909,00 €	5	7.455,14 €	5

O Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) refírese a un índice que define un nivel de renda empregado, principalmente, como módulo estandarizado para a concesión de distintas axudas, becas, etc. Igualmente, emprégase como módulo de cálculo para valorar os máximos de renda para ter acceso a axudas ou beneficios sociais.

Este indicador emprégase para beneficios que atinxen a unidades familiares (acceso a vivenda en propiedade ou aluguer, por exemplo multiplicado por un número de veces, entre 2,5 veces e 6,5 veces segundo tipos de familia e/ou tipos de vivendas). No caso de beneficios de tipo persoal o IPREM multiplica por un número inferior á unidade (a título de exemplo, o cheque infantil -DOG 30.05.2012- multiplica o IPREM por 0,3).

No Concello de Vigo, as exencións e bonificacións a familias numerosas no IBI e taxas municipais son de carácter familiar e multiplican o IPREM por 4 no caso de tres fillos, por 4,8 no caso de catro fillos e por 5,6 no caso de 5 fillos, segundo se aprecia no cadro anterior.

Observando por tanto que o IPREM non é un indicador que se empregue directamente en termos *per cápita*, non pode atenderse á solicitude/alegación presentada ao non especificar o coeficiente ou número de veces polo que solicitan se multiplique o actual valor do IPREM.

En relación ás ordenanzas fiscais achegadas como exemplo do tratamento doutros concellos, debe observarse que aquelas só teñen en conta valores catastrais das vivendas, sen ponderar o indicador máis relevante de capacidade económica, cal é a renda familiar. Dito noutros termos, a aplicación do principio de equidade á que se refire o artigo 24.4 do TRLRFL queda mellor atendida utilizando a variable renda que un valor administrativo indicador de riqueza patrimonial como é o valor catastral.

A segunda das alegacións (documento de Rexistro Electrónico W92023-2670) presentada por D. Ruben Pérez Correa con DNI 36136982A propón:

a) O aprazamento ou fraccionamento de pagamento co fin de beneficiar ás economías familiares máis desfavorecidas. O Concello de Vigo ten regulado no artigo 41 da ordenanza fiscal xeral aprazamentos ou fraccionamentos nos supostos referidos na alegación e incluso por prazo superior. Esta norma, que non foi modificada no Pleno do 25 de outubro, non estivo en trámite de alegacións.”

O resto das alegacións presentadas non afectan á aprobación da presente ordenanza.

Polo anteriormente exposto a directora de Ingresos propón aprobar definitivamente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

A comisión informativa de Economía e Facenda, Patrimonio e Educación, en sesión do 13 de decembro, ditaminou favorablemente a proposta formulada.

O Tribunal Económico Administrativo do Concello, en sesión de data 14 de decembro, ditamina favorablemente.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Desestimar as alegacións contidas nos documentos núms. 12013973 e documento de Rexistro Electrónico W92023-2670, polas razóns expostas no informe da directora de Ingresos que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Segundo.- Aprobar definitivamente a modificación da ordenanza fiscal reguladora

do imposto sobre construcións, instalacións e obras co texto da súa aprobación inicial.

Terceiro.- Publicar no BOP o texto correspondente á modificacións da presente ordenanza aprobada definitivamente para o exercicio 2013.

Cuarto.- Facultar á Dirección de Ingresos para a elaboración dos correspondentes textos refundidos coa finalidade da edición do Libro de ordenanzas fiscais e de prezos públicos 2013.

6.-(256).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA (6). RESOLUCIÓN DAS ALEGACIONES PRESENTADAS NO PERÍODO DE INFORMACIÓN PÚBLICA

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, na súa sesión realizada o día 20 de outubro de 2012, aprobou provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza urbana (6).

Segundo se sinala no informe emitido con data 10 de decembro pola directora de Ingresos, coa conformidade da concelleira delegada de Economía e Facenda:

“No Boletín Oficial da Provincia do 29 de outubro de 2012 e na prensa local con data 2 de novembro de 2012, publicáronse senllos anuncios de exposición pública dos acordos provisionais adoptados en sesión plenaria do 25 de outubro de 2012 sobre modificacións de ordenanzas fiscais e de prezos públicos contidas nos puntos 2 a 28 da orde do día, todo isto de conformidade co artigo 17.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Durante o período de exposición pública de trinta días hábiles, comprendidos entre o día 30 de outubro e 4 de decembro pasado, tiveron entrada no Rexistro Xeral as seguinte alegacións:

- Documento nº 120139731 con data de entrada no Rexistro Xeral do 27.11.12, constitutivo da alegación formulada por D. Jorge Martín Campos Seijo, con DNI número 36073732A, e seis persoas máis, ás que se suman a Asociación Galega de Familias Numerosas (AGAFAM) e a Federación Veciñal Eduardo Chao.
- Documento de Rexistro Electrónico W92023-2670 con data 30.11.12, constitutivo da alegación formulada por D. Ruben Pérez Correa con DNI

36136982A.

- Documento nº 120142795 con data de rexistro 04.12.12, alegación presentada por D. Santiago Cruz Pazó, con DNI 36280705Q.
- Documento nº 120143480 con data 05.12.12, constitutivo da alegación formulada por D. Armando Gayar Barreira, con DNI 36040058R.

A primeira das alegacións (documento nº 12013973) solicita que se revisen e modifiquen, se ha lugar, os termos e condicións para a concesión de bonificacións ao colectivo de familias numerosas nas ordenanzas fiscais de impostos, taxas e prestación de servizos. Os alegantes están descontentos coa cifra de ingresos que constitúe o mínimo exento por debaixo do que as familias numerosas estarían exentas de taxas e gozarían dunha bonificación do 90% no IBI.

Alegan que se utiliza o IPREM do exercicio 2006 para determinar o mínimo exento. A continuación expónse unha comparativa do IPREM para o exercicio 2012 e a súa tradución á renda *per cápita* que se considerará o límite de ingresos ata os que se estará exento de determinadas taxas ou bonificado no 90% no IBI no Concello de Vigo:

Renda <i>per cápita</i> < 5.987 € Renda para ud. familiar	Nº fillos	Renda ud. Familiar IPREM 2012	Nº fillos
29.935,00 €	3	7.455,14 €	3
35.922,00 €	4	7.455,14 €	4
41.909,00 €	5	7.455,14 €	5

O Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) refírese a un índice que define un nivel de renda empregado, principalmente, como módulo estandarizado para a concesión de distintas axudas, becas, etc. Igualmente, emprégase como módulo de cálculo para valorar os máximos de renda para ter acceso a axudas ou beneficios sociais.

Este indicador emprégase para beneficios que atinxen a unidades familiares (acceso a vivenda en propiedade ou aluguer, por exemplo multiplicado por un número de veces, entre 2,5 veces e 6,5 veces segundo tipos de familia e/ou tipos de vivendas). No caso de beneficios de tipo persoal o IPREM multiplica por un número inferior á unidade (a título de exemplo, o cheque infantil -DOG 30.05.2012- multiplica o IPREM por 0,3).

No Concello de Vigo, as exencións e bonificacións a familias numerosas no IBI e taxas municipais son de carácter familiar e multiplican o IPREM por 4 no caso de tres fillos, por 4,8 no caso de catro fillos e por 5,6 no caso de 5 fillos, segundo se aprecia no cadro anterior.

Observando por tanto que o IPREM non é un indicador que se empregue directamente en termos *per cápita*, non pode atenderse á solicitude/alegación presentada ao non especificar o coeficiente ou número de veces polo que solicitan se multiplique o actual valor do IPREM.

